

## Localización xeográfica da Ruta da Fraga de Vilapena



## Ruta da Fraga de Vilapena

É unha das 5 rutas que se poden facer en Trabada. Rodea e atravesa a **Fraga de Vilapena**, caracterizada pola súa gran diversidade de árbores: carballos, xardóns, arandeiras, abeleiras, bidueiros destacando un tramo do percorrido onde atopamos algúns érbedos.

Comezamos no núcleo urbano de Vilapena, onde podemos visitar a igrexa na que destaca o seu fermoso retablo barroco.

Dende o alto de Pena Gorda o camiñante poderá disfrutar de amplas vistas panorámicas cara os vales de Vilaforman e Vilapena.

Continuando adentrámonos nun novo ecosistema de bosque autóctono, onde o rei indiscutible é o carballo.

## Sinalización do sendeiro




Dificultade: Media, baixa.

Percorrido: 10,10 Km. a principal e 6,00 Km. pola variante.

Duración: 3:50 - 2:15 h. aproximadamente.

Desnivel: 270 m. para a ruta longa, e 200 m. para a curta.



### Concello de Trabada

Concello, 15  
27765 Trabada  
Teléfono: 982 13 50 11  
Fax: 982 13 52 57



Conserva o teu entorno,  
non botes lixo na Fraga.



**PR 85®**


GALICIA

Trabada - LUGO

## Ruta da Fraga de Vilapena

### Sendeiros sinalizados






**Arandela**  
*(Vaccinium myrtillus)*

Arbusto de 50 cm. de altura. As follas son ovaladas, pequenas e sen pelo.


Florece en abril-xuño e as súas flores son verde-rosadas.

O froito é o arando, de exquisito sabor e con propiedades cosméticas, ornamentais e incluso mágicas.




**Feneira silvestre**  
*(Pyrus Pyaster)*

Árbore da familia das rosáceas, espiosa, que se distingue da pereira común polos seus froitos pequenos, duros e aedeadeados, que ó maduraren, tornanse amarelos, pardos ou negros. Follas de formas variadas, dendre elípticas a redondeadas.



**Érbedo**  
*(Arbutus Unedo)*

Árbusto perennifolio (ata 12 m.) que rase nos lugares pouco soleiros dos montes baixos de Galicia; ten as follas semellantes ás do loureiro e da fesoia comestibles de cor vermella chamados moretes ou morodos. Casca pardoscura que se desprende en tiras.



**Xardón**  
*(Illex aquifolium)*

Arbusto ou árbore de pequeno porte. Follas duras e moi verdes. Posse flores brancas en actos situados na base das follas. Os seus froitos son ballas vermelhas. A súa madeira é dura, moi valiosa para artigos torneados e labrados. A infusión da súa casca úsase para combatir os arreñios.



**Abeleira**  
*(Cercis siliquastrum)*

Árbore caducifolia que non sobrepasa os 6 m. de altura, con follas redondeadas e pilosas. Os seus grupos de froitos pardos, son inconfundibles. As abelias úsanse como alimento ó seren moi nutritivas. As ramas son longas e flexibles, polo que se empregan para facer cestos.



**Carballo**  
*(Quercus robur)*

Árbore robusta que pode superar os 40 m. de altura. Ten follas lobuladas sen pelo. As flores masculinas son colgantes e amarellentas. As femininas son diminutas.

O seu froito é a landra, usada como alimento para o gando. A súa madeira é moi dura e utilizase para facer boccos.



Dende este alto pódese disfrutar dunha paisaxe típica das montañas próximas á Marifa Lucense



Dende o alto de Pena Gorda pódese disfrutar dunhas excelentes vistas panorámicas dos vales de Vilaformán e Vilapena.



Ó remate do percorrido, encamínámosen cara a ribeira do regueiro de Vilaformán coñecido neutrora pola súa fama troiteira e que seguramente deu moitas satisfaccións ós pescadores da zona.  
Este regueiro aparecerá en varios lugares ó longo do percorrido.



Zona de aparcamento



Igrexa



Panel informativo



Fonte



Refuxo choiva



Vista panorámica